

CIRCULAR 276

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MARZO 2019

#8M

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaria / Coordinadora do GIPCE



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 277 e sairá a principios do mes de marzo de 2019.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de abril de 2019.

5	Información Xeral
15	Información das Seccións
20	GIPCE
21	O Código Deontolóxico
22	Grupo de Tráfico e da Seguridade
24	Comisión Intersectorial de Xénero
25	Comisión de Cultura

Editorial

É tempo da psicoloxía

De todas as iniciativas que promovemos desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a meirande parte das actividades van dirixidas ao colectivo de psicólogos e psicólogas, como é razoable. Pero entendemos que temos unha función social que nos obriga a saír do marco estritamente do profesional e contribuír ao desenvolvemento da psicoloxía na sociedade.

Sabemos que unha das necesidades que ten a psicoloxía en Galicia é unha maior divulgación, xa que aínda é perceptible un certo descoñecemento das posibilidades que ten este ámbito científico na súa aplicación, máis acusado en certos contextos. E a máxima de que «o que non se coñece non se demanda» é o que nos conduciu a deseñar unha proposta estable para mellorar a difusión da psicoloxía.

Este obxectivo é plenamente compartido desde a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, e tras anos de excepcional colaboración entre as dúas institucións, acordamos dar un paso máis cun proxecto compartido. A cooperación é unha das mellores ferramentas para o desenvolvemento e o progreso social. Así nacía Tempo da Psicoloxía, un programa

de actividades ao longo de varios días abertos ao público xeral e que aplica a óptica da psicoloxía a temas de interese social.

O nome Tempo da Psicoloxía é unha dobre referencia. Por unha banda, á apertura dun espazo temporal no que o psicolóxico é protagonista, pero pola outra, pretendemos facer unha reivindicación de que é tempo, é hora, de que a psicoloxía ocupe o lugar que lle corresponde na sociedade. Xa non é unha ciencia nova, así que é o momento de sacudir estigmas ou prexuízos e situar a psicoloxía interactuando cos demais axentes sociais desde a madurez e a evidencia científica contrastada.

A resposta a este proxecto foi excelente. As portas ás que chamamos abríronse de par en par. Así fomos definindo unha serie de palestras nas que conversamos sobre o tema escollido para este ano: a violencia, achegándonos a contextos próximos e moi cotiáns. Pensamos no deporte, nos centros educativos, no ámbito da familia ou na violencia de xénero, e unha vez localizados certos axentes sociais claves en cada un deles, organizamos un formato de faladoiro que facilitase o intercambio de experiencias e de coñecementos.

A psicoloxía é saúde e é benestar; é intervención pero tamén é prevención. Son moitos os desafíos e as necesidades sobre as que pode actuar a nosa profesión: na saúde, na educación, na xustiza, no laboral e organizacional, nos servizos sociais... Cuestións como o acoso escolar, a violencia contra as mulleres, o maltrato á infancia ou as agresións no deporte, que xeran unha gran preocupación social, precisan tamén dunha abordaxe desde a psicoloxía para poder atallalos.

Esta foi a primeira edición, pero virán máis, sobre diversas temáticas e aí precisamos contar co teu apoio para impulsar, difundir e participar neste proxecto no que temos depositada moita ilusión e enerxía. Porque sabemos que unha sociedade cunha psicoloxía forte será unha sociedade mellor. Abriuse un novo Tempo da Psicoloxía.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu a unha xuntanza coa secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, en relación ao evento Tempo da Psicoloxía, celebrada o 6 de febreiro.



M^a Rosa Álvarez Prada

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Participou na asemblea xeral de Unión Profesional de Galicia, celebrada en Santiago de Compostela, o 28 de decembro.
 - Acudiu ao acto de entrega a título póstumo de Títulos, Honras e Condecoracións do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, celebrado en Santiago de Compostela o 16 de xaneiro.
 - Asistiu o 15 de febreiro ao almorzo informativo de «Fórum Europa. Tribuna Galicia» con Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación da Xunta de Galicia.
-



M^a Concepción Rodríguez Pérez

A vogal da Xunta de Goberno do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez:

- Asistiu ao foro propositivo e de priorización de Compartimos Plan na Comarca de Santiago de Compostela, celebrado en Ames o 25 de xaneiro.
- Participou na charla–coloquio con Aleida Quintana, antropóloga e defensora dos dereitos humanos e das vítimas de trata e feminicidios en México, celebrada en Santiago de Compostela o 20 de febreiro.
- Entreviú o 27 de febreiro no acto de presentación pública do documento sobre a situación de deterioración e carencias dos servizos integrais de rehabilitación da área de Santiago–Barbanza, celebrado en Santiago de Compostela.

A representante do COPG no Consello Local de Inclusión Social da Coruña, M^a Teresa Hermida Pérez, acudiu á sesión do Pleno deste Consello, celebrada na Coruña, o 22 de xaneiro.



M^a Teresa Hermida Pérez

O representante do COPG no Consello Local de Saúde da Coruña, Carlos Losada López, asistiu o 23 de xaneiro á sesión do Pleno deste Consello.

A secretaria do COPG e coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu ao pleno da Comisión Galega de Protección Civil, que tivo lugar o 29 de xaneiro en Santiago de Compostela.



Carlos Losada López

A representante do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Rocío García Calvo, acudiu a xuntanza extraordinaria deste consello, que se celebrou o 19 de febreiro en Santiago de Compostela.



Ana Isabel Martínez Arranz

A representante do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Monforte de Lemos (Lugo), Sagrario Ferreira Pernas, acudiu a xuntanza de constitución deste consello, que se celebrou o 21 de febreiro en Monforte de Lemos.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Mantivo unha reunión coa Delegada do Goberno para a Violencia de Xénero, M^a Pilar Llop Cuenca, para abordar o deseño dos procedementos básicos que permitan por en marcha un sistema de acreditacións das situacións de Violencia de Xénero, celebrada o día 22 de febreiro en Madrid.



Rocío García Calvo

■ Acudiu á reunión da Xunta de Goberno e á reunión extraordinaria da Xunta Xeral do Consejo de la Psicología, celebradas o día 23 de febreiro en Madrid.

Premio Fundación Lafourcade Ponce al Bienestar Social 2018

O pasado mes de decembro durante a celebración da V Jornada de Excelencia e Innovación en Psicología, celebrada en Madrid, tivo lugar a entrega dos premios da Fundación Lafourcade Ponce al Bienestar Social 2018 que na categoría de intervención recaeron nas colexiadas galegas, M^a Carmen Míguez Varela (G-2485) e M^a Belén Vázquez Gómez (G-5315), polo seu traballo «Intervención da depresión post parto en mulleres embarazadas que acoden a educación maternal». Os nosos parabéns por este recoñecemento.

Premios e Distincións de Unión Profesional de Galicia

Unión Profesional de Galicia fixo entrega dos Premios e Distincións «Profesional colexiado/a do ano 2019», a través dos cales se pretende visibilizar a aqueles colexiados e colexiadas de cada profesión, que contan cunha traxectoria profesional consolidada e excelente. A colexiada G-1517, M^a Teresa Hermida Pérez, que



M^a Teresa Hermida Pérez

foi decana do COPG entre o ano 2002 e 2006 e formou parte da Comisión de Ética e Deontoloxía nos últimos catro anos, recibiu este recoñecemento no acto celebrado o día 1 de marzo en Santiago de Compostela.

Unión Profesional de Galicia elabora unha guía de mediadores e mediadoras

Unha das iniciativas para este ano de Unión Profesional de Galicia, asociación que agrupa a un total de 39 colexios profesionais de ámbito autonómico, é a incorporación dun listado de mediadores e mediadoras á guía de peritos xudiciais. Este documento terá como finalidade que as persoas ou institucións que necesiten a figura dun mediador ou mediadora, poidan consultar o seu contido coa garantía de que os datos que figuran constan co aval do noso colexio profesional. Así mesmo, garántese que o profesional da psicoloxía que vai levar a cabo a mediación figura colexiada.

A rehabilitación integral, un dereito básico irrenunciable

O COPG, xunto cos colexios profesionais de terapia ocupacional, de logopedia, de fisioterapia e de traballo social; a Asociación de Pacientes e Usuarios do Complexo Clínico Universitario de Santiago (CHUS), a Asociación Nacional de Amputadas de España (ANDADE), Unión Galega de Epilepsia (UGADE) e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela (Sarela) participou na elaboración do documento conxunto sobre a situación de deterioración e carencias dos servizos integrais de rehabilitación da área sanitaria de Santiago de Compostela-Barbanza.

A elaboración deste documento ten como finalidade ser un instrumento de denuncia da situación do servizo de rehabilitación integral desta área sanitaria e pretende xerar un debate social sobre as graves deficiencias que padece a poboación afectada durante o proceso de rehabilitación.

A presentación do informe elaborado tivo lugar o 27 de febreiro no Colexio de Médicos de Santiago, no que participou M^a Concepción Rodríguez Pérez, vogal da Xunta de Goberno do COPG.



Acto de presentación do informe

Alegacións realizadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou un recurso de alzada diante da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia contra a resolución do 19 de decembro de 2018 pola que se regulan as bases dun posto de xefe/a da sección de Psiquiatría Área de Asistencia Extrahospitalaria.



UNHA OLLADA SOBRE A VIOLENCIA

#TempoDaPsicologia2019

Primeira edición de Tempo da Psicoloxía “Unha ollada sobre a violencia”

O día 14 de febreiro presentouse a primeira edición de Tempo da Psicoloxía, un evento que naceu con vocación de continuidade de no tempo e que foi promovido polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A actividade tivo lugar entre os días 18 e 21 de febreiro, sendo a violencia obxecto de reflexión, a través de diversas actividades que conformaron o programa de 2019.

«Tempo da Psicoloxía» é unha actividade divulgativa da psicoloxía na sociedade, que cada edición terá unha temática concreta como protagonista, e no que a perspectiva de xénero e os valores de igualdade constituiron un elemento transversal en todas as actividades.

Á presentación, que contou coa presenza de M^a Rosa Álvarez Prada e M^a Lourdes Mirón Redondo, decanas do COPG e da Facultade respectivamente, acudiu tamén a secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, xa que contou coa colaboración desta institución.

De dereita a esquerda,
M^a Lourdes Mirón, M^a Rosa
Álvarez e Susana López



O día 18 de febreiro tivo lugar o primeiro coloquio que versou sobre a violencia no deporte, no que participaron Verónica Boquete, futbolista profesional; David González Vázquez, adestrador de fútbol; M^a Dolores González Fernández, psicóloga do deporte; e Francisco Javier González García, xefe do Servizo de Deporte en Idade Escolar da Xunta de Galicia. Lorena Pose, xornalista da Televisión de Galicia, foi a responsable de moderar este encontro.

Coloquio sobre violencia
no deporte





Coloquio sobre violencia nos centros educativos

O martes 19 abordouse a violencia nos centros educativos, coa participación de Manuel Corredoira López, director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; Hipólito Puente Carracedo, psicólogo educativo; Fernando Lacaci Batres, vicepresidente da Confederación ANPAS GALEGAS; e M^a Isabel Ruso de Lago, presidenta da Asociación de Directivos de IES de Galicia. A xornalista M^a Ángeles San Luis, de Onda Cero Galicia, dirixiu esta conversa.



Coloquio sobre violencia no ámbito da familia

O mércores 20, foi tempo de falar sobre a violencia no ámbito da familia, nunha palestra que foi moderada tamén pola xornalista Antía Díaz, de Radio Voz. Mónica Permuy López, directora da Fundación Meniños; José Manuel Oreiro Blanco, psicólogo da Oficina de Atención á Vítima da Coruña; Mª Paz Filgueira Paz, xuíza titular do Xulgado de Familia nº 12 de Vigo; e Concepción Fernández Fernández, concelleira de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela, contribuíron coa súa experiencia para abordar este contexto.

Finalmente, o xoves 21 tivo lugar a última das actividades da primeira edición de «Tempo da Psicoloxía», pero nesta ocasión estivo reservada para o alumnado e profesorado de Psicoloxía. Unha conferencia de Neus Roca Cortés, profesora da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Barcelona e que se centrou na violencia de xénero. Esta actividade, que se enmarcou dentro dos actos de celebración do Día da Psicoloxía Académica, foi pensada especialmente para os futuros psicólogos e psicólogas, xa que as institucións promotoras consideran esencial a formación en materia de xénero para o exercicio da Psicoloxía.



Celebración do Día
da Psicoloxía Académica

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducíense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

Instagram: <https://www.instagram.com/copgalicia/>



CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Para loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo

—



INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Desde a Sección de Psicoloxía da Intervención Social seguimos con interese os cambios que experimenta a sociedade na que nos toca vivir e procuramos adecuar os coñecementos e ferramentas que temos ás novas demandas que aparecen.

Traballamos por e para persoas singulares que viven en sociedade en contornas con características propias. Coñecer a persoa e o seu mundo é necesario para realizar un traballo exitoso.

Xunta Directiva da Sección
de Psicoloxía da Intervención
Social



En cada momento é necesario que actualicemos coñecementos pero, sobre todo, en situacións tan cambiantes e novidosas moitas veces temos a necesidade de innovar e poñer a funcionar técnicas e estratexias que non dominamos ou que nunca manexamos.

Se temos en conta a realidade de Galicia, cremos que podemos implicarnos máis no exercicio da psicoloxía a domicilio e no manexo das redes sociais como ferramentas útiles para a profesión; poden ser elementos que se incorporen á forma tradicional de traballar e moi axeitados para atender a poboación galega. Outra vertente é o uso das tecnoloxías para formación propia ou para apoio no desenvolvemento da profesión; non se trata de futuro, é

un presente que se converte en obriga; deberíamos poñernos ao día neste campo porque ten moito recorrido e pode ter aplicación profesional con resultados probados máis que satisfactorios. Desde a Sección e Psicología da Intervención Social queremos animar a que como profesionais nos formemos, investiguemos e procuremos a maior calidade no traballo que desenvolvemos. Non esquezamos que cada persoa merece a atención centrada nesa persoa e as súas circunstancias e iso esixe unha actualización permanente.

As actuacións propostas desde a Sección de Psicología da Intervención Social intentan dar apoio no desenvolvemento da profesión mellorando e ampliando o coñecido pero intentando atopar camiños para responder ás necesidades emerxentes.

Esperamos que todo o que propoñemos poida axudar ás persoas que como profesionais formamos parte da Sección, pero se non atopas o que precisas ou buscas, sempre podes facernos chegar e atenderemos as túas suxestións ou demandas.

Neste 2019 teremos as eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicología da Intervención Social, lembra que sería bo que presentases ou formases parte dunha candidatura.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicología da Intervención Social da páxina web do COPG:
<https://copgalicia.gal/secciones/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOGÍA E SAÚDE

Formación

Os días 22 e 23 de febreiro tivo lugar o curso «Atención psicolóxica e social ao neno, familia e profesionais en cuidados paliativos pediátricos» no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. Esta actividade, coordinada por Alicia Carballal Fernández (vicepresidenta da Sección), foi impartido por José Carlos López Seisdedos (médico e director do Equipo de Atención Psicosocial da Fundación Porque Viven - La Caixa); Ana Alcaide Donoso (traballadora social nese mesmo equipo); e Aurora Martínez Monroy (psicóloga xeral sanitaria nas Unidades de Cuidados Paliativos pediátricos e de Cuidados Intensivos pediátricos do Hospital Universitario Niño Jesús de Madrid).

O obxectivo deste curso foi ofrecer unha visión integral dos aspectos psicosociais na atención paliativa pediátrica, mediante formación teórica e práctica.

Curso «Atención psicolóxica e social ao neno, familia e profesionais en coidados paliativos pediátricos»



Por outra banda, está previsto que os días 5 e 6 de abril se leve a cabo o curso «Iniciación en teoría e técnica grupal. Modelo de grupo operativo», coordinado por Esther Reguera Rodríguez e que contará como docentes con José Ignacio Suárez Soto e Laura Mantrana Ridruejo (especialistas en Psicología Clínica na Unidade de Saúde Mental Comunitaria de Jerez de la Frontera). Esta actividade ten como finalidade a formación en habilidades no deseño, implementación e manexo de dispositivos de intervención grupal.

Pódese consultar máis información no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/triptico_curso_iniciacion_en_teoria_e_tecnica_grupal_modelo_de_grupo_operativo.pdf

Ligazón ao apartado da Sección de Psicología e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Plan Estratéxico Talentia 2019-2021

O presidente da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, en representación do Colexio Oficial de Psicología de

Galicia, foi convidado á presentación do Plan Estratéxico Talentia 2019-2021, promovido pola área de Emprego do Concello de Santiago de Compostela. O acto tivo lugar o pasado 28 de xaneiro, no marco do Encontro con responsables de empresa e xestoras e xestores de Recursos Humanos.

Talentia é un foro de periodicidade anual que pretende a inserción do talento e a dinamización do emprego en Compostela a na súa contorna cuxa primeira edición celebrouse os días 13 e 14 de novembro de 2018 no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia. O programa *Talentia 2019-2021* comprende, en particular, tres etapas. A primeira fase, procurará establecer Talentia como referencia en Galicia no ámbito da xestión e o desenvolvemento do talento. En 2020, iníciase a segunda fase coa finalidade de expandirse desde o ámbito local a un eido máis estatal. Finalmente, coincidindo co Xacobeo 2021, desenvolverase a terceira fase que ten como obxectivo a internacionalización do programa.

No acto tamén se presentou o libro *Talentia. Talento e emprego nas economías locais*, que recolle todas as intervencións e debates de Talentia 2018. A publicación, que respecta a linguaxe directa de cada unha das intervencións, convida á reflexión sobre as necesidades do emprego, así como á análise dos desafíos e das oportunidades que ofrecen o talento e as novas formas de emprego.



Libro *Talentia. Talento e emprego nas economías locais*

Traballo e Organizacións: temáticas e retos da Sección

A Sección perfilou as principais liñas de actuación, a estrutura das accións formativas e as principais directrices para a súa xestión interna, así como os espazos estratéxicos de colaboración con institucións públicas e privadas de cara a incrementar a visibilidade da intervención profesional. Cabe destacar, entre outros, os retos ligados á consolidación da psicoloxía na saúde laboral, a orientación sociolaboral, e a práctica profesional ética e responsable nas organizacións, sen descoidar a necesidade de loitar de forma continuada contra o intrusismo profesional.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacions>

Os foros e os cursos de formación permanente serán un punto de referencia para debater sobre metodoloxías e escenarios emerxentes da profesión como, por exemplo, o ecosistema tecnolóxico. Neste sentido, as actividades formativas programadas para o 2019 iniciaránse a última semana de marzo cun micro-obradoiro sobre «Xestión eficaz de reunións». O obxectivo principal deste taller é converter as reunións en instrumentos de traballo realmente eficaces, dando a coñecer as habilidades e competencias necesarias para o correcto desenvolvemento de xuntanzas e a dinamizacións das mesmas. Remítirase información pormenorizada ás asociadas e asociados da Sección sobre este obradoiro e as restantes actuacións previstas ao longo do ano.

Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións ou dos RRHH e desexas afiliarte á Sección de PTO, podes facelo empregando o formulario que atoparás na páxina web do Colexio, ou contactando directamente co Departamento de Administración do COPG.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E EDUCATIVA

O vindeiro 3 de abril celebrárase a xornada «Aproximación á violencia filio-parental: prevención e intervención en situacións de conflito familiar», organizada pola Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, e que será impartida por Aroa González Álvarez e Raquel Gallego González, psicólogas da Fundación Amigó e coordinada pola vogal da Xunta Directiva da Sección, Nuria Lago Fernández.

O obxectivo desta xornada é sensibilizar os e as profesionais do eido da psicoloxía sobre esta problemática e dotalos de estratexias eficaces para a prevención e a intervención en situacións de conflito filio-parental.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/educativa>

Formación Interna

Comezamos o ano coa celebración dun curso sobre «A intervención psicolóxica en casos de conduta suicida». Esta actividade, dirixida a membros do GIPCE, contou coa acreditación de interese sanitario da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Desenvolveuse entre a tarde do día 1 e a mañá do 2 de febreiro e a súa duración foi de 8 horas.

O curso foi impartido por M^a Teresa Reijas Ruiz, psicóloga clínica do Servizo Galego de Saúde; Amparo González García, enfermeira especialista en saúde mental e Marina González González, facultativa especialista na área de psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO). Todas elas son integrantes do Programa de Intervención Intensiva en Conduta Suicida desenvolvido polo CHUO.

Os días 29 e 30 de marzo e 5 e 6 de abril, terá lugar o «Curso de Intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias». Esta formación vai destinada fundamentalmente aos novos membros do GIPCE-COP e a todas as persoas colexiadas interesadas na materia.

Formación Externa

Co gallo da posta en marcha da Quenda de Garda para a atención psicolóxica especializada e permanente para mulleres e fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero en Galicia, desde o GIPCE impartirase unha formación especializada. O curso denominado «Intervención psicolóxica avanzada en situacións de urxencia en violencia de xénero» realizarase o 4 de maio e terá unha duración de 8 horas, destinado ás psicólogas e psicólogos integrantes desta quenda.

Asemade, desde o «Máster Internacional en Psicoloxía de Catástrofes, Crisis e Emerxencias» do COP de Andalucía Oriental, solicitouse que se participase na formación tratando sobre a intervención realizada polo grupo no accidente de tren Alvia.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)




Curso «A intervención psicolóxica en casos de conduta suicida»

Informacións

O 2 de febreiro celebramos a reunión interna anual do GIPCE e, como vén sendo habitual, na reunión tratáronse temas relativos aos novos compañeiros e compañeiras, á memoria económica e ás actividades desenvolvidas desde as diferentes áreas de traballo. Tamén se fixeron suxestións con respecto a algúns dos proxectos que están en marcha. Asemade unha representante do GAI (Grupo de Apoio a Intervenientes) presentou o traballo que ata o momento leva desenvolvido este grupo.

O día 20 de marzo vai ter lugar un simulacro no Aeroporto de Lavacolla, de Santiago de Compostela. Trátase dun simulacro de grande envergadura, no que se procurará utilizar todos os recursos posibles. De momento estamos asistindo ás reunións previas de planificación. Nesta ocasión o número de participantes, en principio, non está limitado como noutras ocasións polo que a participación está aberta a todos os membros do grupo, tanto as novas incorporacións como os membros máis veteranos que se ocupan das intervencións.

Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Non restrinxas a liberdade das persoas de abandonar a intervención e acudir a outro ou outra profesional.
- Actúa con imparcialidade, sobre todo cando teñas coñecemento que estás ante intereses persoais ou institucionais contrapostos.

Grupos de traballo

O subgrupo de traballo sobre a amaxofobia leva realizadas tres reunións de traballo para a elaboración dun protocolo de actuación e un díptico informativo. A previsión é presentar este traballo na reunión do Grupo de Tráfico e da Seguridade prevista para o 27 de abril.

GRUPO DE TRÁFICO E DA SEGURIDADE



Compoñentes do subgrupo de traballo sobre a amaxofobia

Formación

A seguinte formación do Grupo de Tráfico e da Seguridade está prevista para o día 27 de abril. Neste caso abordaranse de novo os diversos enfoques nas valoracións psicolóxicas nos Centros de Recoñecemento.

Informámosvos tamén da celebración das IV Xornadas Galegas da Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade que imos celebrar nos días 8 e 9 de novembro deste ano 2019.

Programas: Psicovial e Xornadas de Concienciación

O día 23 de febreiro comezou en Ferrol o primeiro grupo de Xornadas de Concienciación de 2019. A comezos de marzo rematou o programa Psicovial 2018/19 en Santiago de Compostela.

Regulamento Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade

Convidamos os colexiados e colexiadas con interese en formar parte do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, a que formalicen o seu acceso. Só compre asinar certos compromisos vinculados ao Regulamento Interno do Grupo (Anexo III), ao que se pode acceder a través do seguinte enlace

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_grupo_trafico_seguridade.pdf

División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade

Como xa sabedes, a finais de 2018 celebráronse as primeiras eleccións á Xunta Directiva da recentemente creada División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade. Esta Xunta Directiva constituíuse na primeira reunión do 11 de xaneiro deste ano, co compromiso e toda a ilusión de traballar duro polo desenvolvemento deste ámbito. Comezouse coa elaboración e envío no mes de xaneiro á DGT dun escrito de demanda de intervención na avaliación psicolóxica das persoas que usen VMP (vehículos de mobilidade persoal) para que sexa tido en conta na elaboración dos cambios na normativa relacionada.

Así mesmo tamén se presentaron perante o Ministerio do Interior achegas sobre o proxecto de Real Decreto para modificación do regulamento de armas e de medidas urbanas de tráfico.

O 23 de febreiro celebrouse en Madrid unha reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de la Psicología; nela presentouse a composición e o traballo realizado pola nova Xunta Directiva da División.

Animamos as colexiadas e colexiados a participar dos proxectos da División, inscribíndose á mesma. O procedemento e requisitos para a inscrición atópanse no seguinte enlace da web do Consejo General de la Psicología: <https://www.cop.es/index.php?page=PSTYS-Formulario>

Ligazón ao apartado do Grupo de Tráfico e da Seguridade da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>

Na Comisión Intersectorial de Xénero intentamos que as actividades da mesma teñan incidencia e repercusión transversal en todas as actuacións do COPG; aínda que poida parecer unha idea ambiciosa, non o será tanto se partimos de que os temas que tratamos nesta Comisión afectan a todas as persoas e están enfocados na igualdade e a xustiza social. Por isto mesmo, desde a Comisión elaboramos un decálogo de boas prácticas dispoñible para a súa consulta na páxina web do COPG pero que nos gustaría facer chegar a calquera profesional da psicoloxía. Coa finalidade de que a igualdade chegue a deixar de ser un tema de debate, o ano pasado implementouse unha campaña de sensibilización que ten como base un concurso de cartaces e audiovisuais co lema Pola Igualdade; dirixido ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio, bacharelato e formación profesional que, cando menos, dará que pensar e debater sobre esta temática á comunidade educativa con posterior entrega pública de premios.

Para dar cumprimento ás obrigas que nos xustifican, a Comisión Intersectorial de Xénero funciona como unha estrutura con tres áreas; cada unha afonda en tarefas concretas pero complementanse entre si: unha área de formación e actividades, outra área de comunicación e outra de publicacións e páxina web.

Contamos cun protocolo de actuación ante novas relacionadas con xénero que nos permite reaccionar desde un punto de vista profesional ante a cidadanía ou outros e outras profesionais de darse o caso.

Sen esquecer que calquera persoa pode facernos chegar suxestións, propostas ou comentarios que nos posibiliten mellorar a calidade das nosas actuacións como Comisión.

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO



*Ligazón ao apartado da
Comisión Intersectorial de
Xénero da páxina web do
COPG: [https://copgalicia.
gal/grupos-comisions/
intersectorial-de-xenero](https://copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-xenero)*

COMISIÓN DE CULTURA

*Ligazón ao apartado da
Comisión de Cultura da
páxina web do COPG:
[https://copgalicia.gal/
grupos-comisions/cultura](https://copgalicia.gal/grupos-comisions/cultura)*

Exposición Fotográfica «Mulheres Galaicas»

O 26 de febreiro tivo lugar na sede do Colexio un recital de mulleres poetas para honrar as mulleres galegas, e do mundo, rodeadas polas fotografías de Mercedes Vázquez Saavedra, que permaneceron expostas no COPG ata o 7 de marzo.

Como ingrediente máxico, a arpa, a música, que é sen dúbida a linguaxe máis universal da natureza. Un encontro no que fotografía, música e palabra crearon unha dimensión especial na que as mulleres da cultura tradicional foron as verdadeiras protagonistas.

Participaron as poetas Iolanda Aldrei, Marilar Aleixandre, Belém de Andrade, Cruz Martínez, Verónica Martínez, Teresa Moure, Irene Quinteiro, Rosa Rosanegra e Concha Rousia. Estiveron acompañadas á arpa por Clara Pino e ao acordeón por Sabela Dacal.



Recital «Mulheres Galaicas»

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 690 846 782

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

2019

POR UNHA ATENCIÓN PSICOLÓGICA ACCESIBLE

Nos hospitais

Nos xulgados

Nas escolas deportivas

Nas organizacións

Nos servizos sociais

Nos concellos

Nos centros de saúde

Nas empresas

Nos centros de ensino





Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio

De luns a xoves de 9.00 a 20.00 horas

Venres de 9.00 a 15.00 horas

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos